

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CELEBRACIÓN DOS 250 ANOS DA FUNDACIÓN DO PRIMEIRO TEATRO LÍRICO NA CORUÑA, COA PRODUCCIÓN DA ÓPERA "IL PIRATA", DE BELLINI, E A PROGRAMACIÓN DO ESPECTÁCULO "A CORUÑA: 250 ANOS DE ÓPERA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura **ata o 15 de novembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta de actividades enmarcadas na celebración dos 250 anos da fundación do primeiro teatro lírico na Coruña, coa produción da ópera de Vincenzo Bellini *Il pirata*, que se ofrecerá o 8 de setembro de 2018 no Palacio da Ópera da Coruña, baixo a dirección escénica de Xosé Manuel Rabón e interpretada polas sopranos Saoia Hernández e Carmen Subrido, o barítono Juan Jesús Rodríguez e o tenor Francesco Pio Galasso, coa dirección musical de Antoncello Allemandi; e coa programación do espectáculo "A Coruña: 250 anos de ópera", concerto a cargo da mezzo canadiana Vivica Genaux, con posta en escena de Mario Pontigia, que se poderá ver no Teatro Colón da Coruña o 29 de setembro.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña foi a organizadora, durante máis de sesenta anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que o converteu no decano dos festivais de ópera en España e nun dos referentes musicais galegos por excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas máis consolidadas. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

operística de carácter estable e do máximo nivel que traia a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico.

En 2018 A Coruña e Galicia conmemoran os 250 anos da fundación do primeiro teatro lírico na Coruña e polo tanto das primeiras representacións líricas celebradas na cidade, unha data especial que daría orixe á singular relación desta urbe e a súa provincia co xénero lírico. A Asociación propónse dedicar a programación lírica de 2018 a lembrar esta efeméride, rescatando a figura do pioneiro da vida musical coruñesa e impulsor da ópera italiana, Nicola Setaro, que en 1768 inauguraría o seu primeiro teatro coruñés, facendo que o público puidese disfrutar das primeiras representacións líricas e poñendo as bases para converter esta cidade na gran urbe musical que hoxe é. E para esta celebración prográmase a produción dunha obra fundamental do belcanto, *Il pirata*, de Vincenzo Bellini, melodrama en dous actos con música de Vincenzo Bellini e libreto en italiano de Felice Romani, estreada en Milán o 27 de outubro de 1827. Galicia únese desta maneira a urbes como Milán (La Scala) ou Madrid (Teatro Real) na aposta por recuperar na actualidade esta xoia do belcanto que no seu día tamén rescatou a eximia Maria Callas. A programación desta ópera irá acompañada así mesmo por outra actividade que sen dúbida enriquecerá esta efeméride, o concerto "A Coruña: 250 anos de ópera", a cargo da mezzo canadiana Vivia Genaux.

A programación operística da Coruña enriquecese, pois, con con esta ambiciosa proposta que atrae non só ao público galego senón ao do resto de España e mesmo internacional.

A Agadic considera esencial a adquisición dun activo inmaterial mediante a participación como coorganizadora no desenvolvemento deste proxecto, contribuíndo a preservar e difundir a cultura galega, e en especial a ópera, a través da organización destas actividades, intentando acadar, deste xeito, unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, enriquecendo, sen dúbida, o noso patrimonio operístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

